

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002220	CEIP Cabada Vázquez	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

Esta PD está pensada para a área de Proxecto Competencial do 1º nivel de educación primaria do CEIP Cabada Vázquez e fundaméntase no establecido no Real Decreto 157/2022 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria; no Decreto do 155/2022 do 15 de setembro de 2022 da Consellería de Educación de Galicia, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 26/9/2022), na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, recentemente modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 9 de decembro.

Con este documento preténdese mellorar a calidade do ensino do noso alumnado e ter unha referencia cara onde queremos camiñar, que dependerá, por suposto, das intencións das persoas implicadas (profesorado, alumnado, familias, comunidade educativa en xeral), dos recursos cos que contamos e das circunstancias para o seu desenvolvemento.

É importante salientar que esta PD pode sufrir algún tipo de modificación a causa do ritmo de aprendizaxe e traballo do alumnado, do gusto do alumnado por algún tema que xurda e sexa de interese nun momento particular etc.

### CONTEXTUALIZACIÓN:

O noso centro está situado nas aforas da parroquia de Codeseda, unha zona rural a 9 km da vila da Estrada, concello ao que pertence, na provincia de Pontevedra.

A contorna na que se atopa pode definirse como fundido no medio natural, pois arredor das nosas instalacións só hai montes cheos de árbores e campos de traballo. Pola parte dianteira e principal de entrada e saída, cruza unha estrada secundaria pola que acceden os autobuses que transportan o noso alumnado, un total de 79 rapaces e rapazas de Infantil e Primaria. Conta con 7 unidades e 9 niveis educativos, integrados en 7 aulas diferentes, obrigando, polo número reducido de alumnos/as, a xuntar niveis nalgúns casos.

Consideramos moi positivo o enclave no que se atopa, xa que permítenos facer da nosa escola, unha escola viva, aberta ao entorno local e permanentemente interrelacionada co seu territorio físico (social, natural e cultural), sociocultural (a escola, a familia, o local, o concello), pero tamén é do noso interese, irnos introducindo no territorio máis alonxado, no global, a través das tecnoloxías dixitais.

As instalacións coas que contamos son bastante antigas, aínda que no curso 21-22 cambiáronse os teitos e os ventanais, o que mellorou o ambiente de traballo.

Contamos cun patio de recreo moi amplo polo que no curso 21-22 comezouse un proceso de cambio para poder mellorar a súa calidade como espazo lúdico, pedagóxico e promotor da saúde no noso alumnado. Tamén contamos cun horto escolar que continúa o seu labor desde hai sete cursos.

Temos a sorte de dispoñer dunha cociña e dun comedor de xestión directa, dos que fan uso todo o alumnado.

Adecuouse o patio cuberto como aula de usos múltiples, onde podemos realizar diariamente as actividades de psicomotricidade,

Tamén se realizaron melloras na biblioteca escolar e creouse un espazo propio para a radio escolar e outro para levar a cabo actividades de cociña. Todas estas accións foron encamiñadas a facilitar os cambios metodolóxicos que estamos levando adiante.

Este ano académico o alumnado de 1º comparte aula co alumnado de 2º só para certas áreas ou proxectos, pero aínda así o tamaño da aula adecúase bastante para o traballo diario.

### CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Os nenos de 1º de educación primaria que están matriculados nesta área son 2.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Investigamos	Buscarase a información a través da internet, libros da biblioteca etc.	30	15	X		
2	Creamos	Organizarase a información recollida no primeiro trimestre e elaboraremos unha maqueta	35	10		X	
3	Todo o que sabemos	Elaboración do produto final empregando as TIC e presentación do mesmo.	35	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Investigamos	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Facer un uso responsable dos materiais e recursos.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Creamos	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Facer un uso responsable dos materiais e recursos.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Todo o que sabemos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Facer un uso responsable dos materiais e recursos.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados no emprego das TIC		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Facer un uso responsable dos materiais e recursos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar positivamente ou negativamente o resultado do produto final.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto de maneira oral con apoio visual.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "La vendimia".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado de maneira grupal para fomentar a cooperación, o traballo en equipo etc.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, buscaremos e organizaremos a información sobre o proceso da vendima: tipoloxía, utensilios, metodoloxía, etc.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, o alumnado comezará a elaborar unha maqueta no que se poida amosar de maneira visual dito proceso.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado coa axuda das TIC dará vida e movemento á maqueta elaborando o produto final. Tamén tratará de explicar todo o aprendido ao resto do alumnado de 1º e 2º ou do centro, na medida do posible.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias da Natureza (festividades, costumes)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento e coidado das colleitas e utensilios)
- Educación Plástica e Visual (elaboración da maqueta)
- Matemáticas (medicións para a elaboración da maqueta, conteo etc)

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Folios
Lapis, goma, rotuladores, cartolinas, papeis de cores, tesoiras, pegamento, etc
Ordenadores
Impresora
Libros da biblioteca
Taboleiro
Plastilina
Pezas de construción

Tableta

Cámara de fotos ou vídeo

Cada alumno disporá dun ordenador con conexión wifi co fin de poder recoller a información necesaria. A listaxe destes recursos poderá ser ampliada tendo en conta as ideas de cada alumno para poder levar a cabo este proxecto.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso, sobre todo durante os meses de setembro e outubro, levarase a cabo unha avaliación inicial, tanto grupal como individual, que nos diagnosticará a situación de partida así como a detección de posibles problemas en cada un dos alumnos/as. Esta avaliación realizarase a partir dos informes de escolarización anterior, de pequenas probas individuais e da observación durante as primeiras semanas. Todos estes instrumentos de avaliación teñen a finalidade de obter información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Esta avaliación inicial será o punto de partida para a toma de decisións para o desenvolvemento do currículo nas programacións de aula e adoptar as medidas de reforzo e apoio que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: recollida e organización da información.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: elaboración da maqueta.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Uso de TIC e presentación do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos.

A cualificación calcularase en función dos criterios de avaliación escollidos para cada unha das avaliacións.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

#### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A cualificación calcularase en función dos criterios de avaliación escollidos para cada unha das avaliacións.



## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión escrita	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X
ET.6 - Educación ambiental	X	X	X
ET.7 - Educación para a convivencia	X	X	X
ET.8 - Medicións, conteo...		X	

#### Observacións:

Tendo en conta que a actividade principal desta área é o desenvolvemento dun proxecto sobre a vendima, favorece a abordaxe de todos os elementos expostos anteriormente desde unha perspectiva transversal.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposición do produto final na aula ordinaria	Exposición para o grupo de 1º e 2º de educación primaria na aula ordinaria.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado no proceso de ensino aprendizaxe ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

## 9. Outros apartados